



Resolución do 26 de xuño de 2019, do tribunal designado para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional no proceso convocado por Resolución de 26 de marzo de 2019 e pola que se lle da publicidade a diversos acordos.

En sesión que tivo lugar o día 26 de xuño de 2019, o tribunal nomeado por Resolución da Dirección Xeral de Administración Local para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional no proceso convocado por Resolución de 26 de marzo de 2019,

ACORDOU

Primeiro.- Á vista das reclamacións presentadas, anular as preguntas 37 e 60. O seu lugar pasa a ser ocupado polas preguntas de reserva número 64 e 65 respectivamente. Así mesmo, corrixir a plantilla de respostas de forma que as respostas que corresponden ás preguntas 23, 39, 49 59 e 98 son 23 b), 39 b), 49 b), 59 d) e 98 d).

Segundo.- Desestimar o resto de reclamacións presentadas, constando a motivación na acta de 26 de xuño de 2019.

Terceiro.- De acordo co establecido no artigo 6.2 da Orde do 30 de novembro de 2017 da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 229 do 1 de decembro), e tendo en conta o artigo 8 da Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 26 de marzo de 2019 e o acordo deste Tribunal de 29 de maio de 2019, superaron o exercicio tipo test correspondente a cada subescala aqueles que contestaron un mínimo de 30 preguntas correctas sobre 60, tendo en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se desconta unha correcta.

Cuarto.- Publicar na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/tramitar/PR410A>, as puntuacións obtidas na proba tipo test e sobre os méritos baremados obtidos polos/as aspirantes. .

Quinto.- De acordo co disposto no artigo 5.5 da Orde do 30 de novembro de 2017, pola que se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional (DOG do 1 de decembro), e os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas sobre a puntuación obtida na proba tipo test e sobre os méritos baremados, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende o seguinte ao de publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa Madrid, 2-4
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 546 579 – 981 546 220
Fax: 981 546 569
E-mail: administracionlocal@xunta.es

galicia

Sétimo.- Contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante a Directora Xeral de Administración Local nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2019

A presidenta do tribunal
Ascensión Labella Lozano

